

Expediente núm.: 729/2025

Resolución

Procedemento: CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NO ORZAMENTO XERAL DE 2025

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2025, onde figura o correspondente ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO PARA 2025, así como a consignación correspondente nas aplicacións orzamentarias 323.48911, 323.48910, 323.48909, 323.48908, 323.48907, 334.48919, 334.48920, 334.48922, 334.48921, 334.48913, 334.48914, 334.48916, 334.48917, 334.48915, 334.48918, 334.48923, 419.48928, 338.48942, 338.48926, 338.48927, 338.48934, 338.48937, 338.48939, 338.48925, 338.48933, 338.48938, 338.48936, 338.48935, 338.48931, 338.48932, 338.48930, 338.48943, 338.48940, 338.48941, 338.48944, 231.48901, 231.48902, 231.48903, 231.48900, 231.48905, 341.48946, 341.48947, 341.48948, 341.48949, 341.48950, 341.48951, 341.48952, 341.48953, 341.48954, 341.48955, 341.48945, destinadas ao outorgamento de subvencións e axudas nominativas por parte deste Concello de Ribadeo.

VISTO o Informe de Intervención do 22/07/2025

VISTO á súa vez o disposto na seguinte normativa aplicable ao asunto en cuestión:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Bases de Execución do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2025
- Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de Ribadeo

Tendo en conta estes antecedentes, de acordo coa competencia outorgada polo artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión das subvencións e axudas nominativas do exercicio 2025 recollidas nos Orzamentos Xerais a favor dos seguintes beneficiarios, coas finalidades e polos importes máximos que se recollen na táboa seguinte:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
COLEXIO SAGRADO CORAZÓN	R2700021E	1.250,00.	323.48911	"FOMENTO DA EDUCACIÓN" – "actividades culturais, educativas ou pedagóxicas"
CEIP GREGORIO SANZ	Q2768022B	1.250,00.	323.48910	"FOMENTO DA EDUCACIÓN" – "actividades culturais, educativas ou pedagóxicas"
CIFP PORTA AUGA	Q2701008A	1.250,00.	323.48909	"FOMENTO DA EDUCACIÓN" – "actividades culturais, educativas ou pedagóxicas"
IES GAMALLO FIERROS	S27000120G	1.250,00.	323.48908	"FOMENTO DA EDUCACIÓN" – "actividades culturais, educativas ou pedagóxicas"
ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA	G27437581	4.000,00.	323.48907	"EDUCACIÓN" – colaboración para sostemento do programa – achega municipal



ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
A.N.P.A FAXARDA GREGORIO SANZ	G27011642	2.300,00.	334.48919	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
A.N.P.A. SAGRADO CORAZÓN	G27019231	2.300,00.	334.48920	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
ANPA O ESTEO- IES GAMALLO FIERROS	G27125020	2.300,00.	334.48922	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
APAGA	G27183201	1.800,00.	334.48921	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO	V27023464	4.000,00.	334.48913	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
ASOCIACIÓN CULTURAL FRANCISCO LANZA	G27022862	2.250,00.	334.48914	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
ASOCIACIÓN "CABALGATA DE REIS"	G27418789	1.800,00.	334.48916	"FESTAS POPULARES" – "gastos de realización da Cabalgata"
SOCIEDADE AMIGOS DA GAITA GALEGA	G27014406	1.500,00.	334.48917	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
OBISPADO DE MONDOÑEDO FERROL(ASOC. AMIGOS SEMANA SANTA)	R1500019C	1.450,00.	334.48915	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
AMADORES DA MÚSICA	G27109529	5.000,00.	334.48918	"FOMENTO DA CULTURA" – "realización de actividades culturais"
AMADORES DA MÚSICA (PARA INSTRUMENTOS)	G27109529	5.000,00.	334.48923	"FOMENTO DA CULTURA" e das actividades musicais
ASOCIACIÓN CULTURAL APÍCOLA "OS ABELLEIROS"	G27475755	2.500,00	419.48928	"AGRO – colaboración loita contra velutina e outros"
ASOCIACIÓN SANTA MARIA DO CAMPO E SAN ROQUE	G27490747	30.000,00.	338.48942	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CEDOFEITA (Festas da Madanela)	G27100387	600,00.	338.48926	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
COMISIÓN DE FESTAS SAN PEDRO DE ARANTE	G27116144	600,00.	338.48927	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN CULTURAL DE FESTAS SAN LOURENZO. VILAFRAMIL	G27203579	600,00.	338.48934	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A MADANELA. (Festas Madanela Remourelle)	G27101831	600,00.	338.48937	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE COUXELA (Festa das Dores)	G27136340	600,00.	338.48925	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O FORMIGUEIRO (Festas das Cruces A Ponte)	G27136258	600,00.	338.48933	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CANTAL (Festas de San Pedro de Rinlo)	G27120922	600,00.	338.48938	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS VIRXE DE VILASELÁN	G27038470	600,00	338.48939	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"



ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
A.VV. S.VICENTE (As Dores de Covelas)	G27105840	600,00.	338.48936	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOCIACIÓN DE FESTAS DO SANTO. CRISTO DE PIÑEIRA	G27206093	600,00	338.48935	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
A.C. SANTALLA DE VILAOSÉNDE	G27397793	600.00	338.48931	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
A..C SAN XOAN OVE	G27420918	600.00	338.48932	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
A.V. SAN RAMÓN E SANTALLA DE A DEVESA	G27397793	600.00	338.48930	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
A.C FESTAS DO CARME PORCILLÁN	G27329986	1.700,00.	338.48943	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
AC. MONTE CORDAL AS ANZAS	V27028844	600.00	338.48940	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
A.V DE PIÑEIRO- FESTA DO CARME	G27180371	600.00	338.48941	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
ASOC.. FESTAS DO CARME VILELA	G27042357	600,00.	338.48944	"FESTAS PARROQUIAIS" – "gastos de celebración da festa"
AX.ENF. MENTAL A MARIÑA	G27262799	4.000,00.	231.48901	"SERVICIOS SOCIALES"
CÁRITAS	R1500019C	4.500,00.	231.48902	"SERVICIOS SOCIALES"
ASOCIACIÓN A MARIÑA COGAMI	G27105253	2.000,00.	231.48903	"SERVICIOS SOCIALES"
FUNDACIÓN EDES	G33585332	2.000,00.	231.48900	SERVICIOS SOCIALES
PROXECTO HOMBRE	G79267936	2,000,00	231.48905	SERVICIOS SOCIALES
CRUZ ROJA	Q2727001F	2.000,00-	231.48900	SERVICIOS SOCIALES
ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
S.D. RIBADEO	G27319284	8.000,00.	341.48946	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
S.D RIBADEO TENIS	G27502558	1.300,00.	341.48947	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C.B. RÍA DE RIBADEO	G27204023	4.500,00.	341.48948	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C.D. CUBELAS F.S	G27330398	2.800,00.	341.48949	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. ATLETISMO RIBADEO	G27347657	3.000,00.	341.48950	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
G. MONTAÑA PENA TALLADA	G27261619	1.500,00.	341.48951	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. PESCA CORMORÁN	G27404342	1.000,00.	341.48952	"DEPORTES" – colaboración en



ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO E FINALIDADE
				materia de gastos deportivos e competitivos
C. REMO RIBADEO	G27136704	1.950,00	341.48953	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. PIRAGÜISMO ALTRUÁN	G27282946	1.950,00.	341.48954	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. HOCKEY ILLA PANCHÁ	G27472539	2.000,00.	341.48955	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
RIBADEO F.C	G27133818	15.000,00.	341.48945	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos

SEGUNDO. – En aplicación do disposto no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 28 da Lei xeral de subvencións (LXS), que sinala os **CONVENIOS** como o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou das Corporacións locais, **aprobar o MODELO DE CONVENIO PARA 2025 E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA** que se engade como anexo a esta resolución.

Deste xeito, cada unha das asociacións que se recollen na táboa anterior deberá asinar co concello un convenio específico para a anualidade 2025, **sen o que non se estimarán cumpridos os requisitos necesarios para facer, no seu momento, efectivo o pagamento, no seu caso.**

Corresponderá en consecuencia ao Alcalde-Presidente da Corporación, en representación do Concello de Ribadeo, a competencia para a sinatura dos convenios a subscribir cos beneficiarios, nos que se recollerán os importes definitivos da axuda a cada asociación así como os dereitos e obrigas das partes, de acordo co disposto no citado artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRO.- Dar publicidade á concesión das presentes axudas no portal de transparencia municipal e base de datos nacional de subvencións, de acordo co sinalado no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos beneficiarios das subvencións, instando a súa comparecencia no Concello de Ribadeo para a subscrición dos oportunos convenios, así como aos distintos departamentos municipais afectados, para que realicen os trámites precisos para que teña lugar esta sinatura.

Acórdao, mándao e asíno o Sr.Alcalde, en Ribadeo, do que eu, Secretario, dou fé, en Ribadeo, a data de sinatura en 2025.

ALCALDE,
DANIEL VEGA PÉREZ

SECRETARIO,
JOSE ANTONIO CARRO ASOREY



DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



MODELO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E OUTRAS SUBVENCIONADAS NOMINATIVAMENTE POLO CONCELLO DE RIBADEO NO EXERCICIO 2025

Reunidos en Ribadeo, o _____ de 2025.

Dunha parte, Don DANIEL VEGA PEREZ, Alcalde do **Concello de Ribadeo**, en representación da citada entidade, con CIF n.º P2705100B, con domicilio en Ribadeo, Praza de España 1, C.P. 27700, asistido polo Secretario do Concello, don José Antonio Carro Asorey.

E doutra parte don/a _____, maior de idade, na súa calidade de presidente/a da entidade _____, CIF _____, que representa no presente acto, con enderezo para os efectos de notificacións en _____.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. As entidades culturais, sen ánimo de lucro, realizan un labor lúdico-cultural importante, fomentan o lecer, as relacións persoais, fomentan o acervo propio local, manteñen as tradicións tan propias da nosa terra e todo isto desinteresadamente, debendo facer fronte a cuantiosos gastos que realizan para atender os gastos xerais de mantemento e organización de actividades. Ademais, o artigo 25.2.m) da Lei de bases de réxime local, así coma o artigo 44 da Constitución española, atribúen aos concellos a competencia sobre a materia cultural, establecendo este último que as entidades públicas en xeral promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que toda a cidadanía ten dereito.

Por outra banda, as comisións de festas parroquiais, sen ánimo de lucro, realizan un labor lúdico-cultural importante, fomentan o ocio, as relacións persoais, reavivan vellos costumes, manteñen as tradicionais verbenas ao aire libre tan propias da nosa terra e todo isto desinteresadamente, debendo facer fronte a cuantiosos gastos que realizan para atender os gastos xerais da organización (contratación orquestras, bandas, grupos baile, iluminación, propaganda, motores electróxeos, fogos artificio, etc.).

Os centros educativos enmarcan o seu labor no artigo 27 da Constitución española, sendo a educación un dereito fundamental que asiste a toda a cidadanía e debendo ser garantido por todos os poderes públicos. En concreto, o artigo 25.2.n) da Lei de bases de réxime local establece a competencia do Concello na cooperación coa Administración educativa.

As entidades e clubs deportivos fan o labor de promover o deporte no municipio, fomentando as actividades físicas e deportivas de carácter formativo e recreativo e o artigo 25.2.l) da Lei de bases de réxime local establece a competencia do Concello na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

O artigo 25.2.b) da Lei de bases de réxime local recolle a competencia municipal en Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas e o artigo 25.2.h) a Protección de la salubridade pública.

Pola súa banda, o artigo 25.2.i) da Lei de bases de réxime local tamén establece competencias do concello en materia de Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Para conseguir estes obxectivos e fomentar a actividade das entidades descritas, por parte do Concello de Ribadeo, incluíronse dentro do Orzamento xeral para o exercicio 2025, aprobado en data 20/12/2024, as subvencións nominativas a conceder a entidades e agrupacións sen ánimo de lucro do municipio.



Consígnase ademais crédito axeitado e suficiente para estas finalidades nas partidas 323.48911,323.48910,323.48909,323.48908,323.48907,334.48919,334.48920,334.48922,334.48921,334.48913,334.48914,334.48916,334.48917,334.48915,334.48918,334.48923,419.48928,338.48942,338.48926,338.48927,338.48934,338.48937,338.48939,338.48925,338.48933,338.48938,338.48936,338.48935,338.48931,338.48932,338.48930,338.48943,338.48940,338.48941,338.48944,231.48901,231.48902,231.48903,231.48900,231.48905,341.48946,341.48947,341.48948,341.48949,341.48950,341.48951,341.48952,341.48953,341.48954,341.48955,341.48945 do citado Orzamento Xeral do exercicio 2025.

SEGUNDO. Que _____ é unha entidade dedicada a _____ e, segundo os seus estatutos aprobados o _____, nos seus fins está a _____.

TERCEIRO. Que tanto o Concello como _____ teñen obxectivos comúns e que, polo tanto, é precisa unha colaboración estreita que permita precisar o desenvolvemento da actividade específica de _____ entre os veciños e veciñas do concello e a participación destes no seu desenvolvemento, en concreción do recollido no anexo de subvencións nominativas do orzamento xeral para o 2025.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Que a subvención concedida ten carácter discrecional, e o outorgamento da axuda económica vén condicionada na Resolución de Alcaldía de data _____, á sinatura do presente Convenio, polo que o beneficiario se compromete ao seguinte:

- Realización da actividade _____ e cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención e especificamente a execución entre outras das seguintes actuacións e actividades concretas:
 - _____
 - _____
 - _____
- Acreditar perante o Concello de Ribadeo o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- Comunicar ao Concello de Ribadeo a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos de calquera natureza que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se atopa ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Dispor dos libros contables, rexistros orzamentarios e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actividade subvencionada co logotipo aprobado e/ou autorizado polo Concello de Ribadeo.
- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.



- Presentar antes do día **30 de novembro de 2025** os documentos acreditativos da xustificación da subvención, de acordo co previsto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e nas Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2025, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ribadeo e cláusula quinta do presente convenio, para o que se subministrará un modelo normalizado de documentación a presentar.

SEGUNDA. Que o Concello de Ribadeo se compromete a:

Achegar a cantidade económica de _____ euros á entidade _____, de conformidade co recollido no Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o exercicio 2025 e coa Resolución de Alcaldía de _____, coa finalidade de financiar os gastos de execución das actividades recollidas na cláusula primeira do convenio.

Consideraranse gastos a subvencionar, de acordo cos fins recollidos no presente convenio, aqueles gastos correntes que resulten inherentes ao desenvolvemento da actividade na que se basea a concesión da axuda, como

- _____
- _____
- _____
- _____
- Así como outros gastos de natureza corrente de características similares aos citados que estean directamente relacionados e sexan de xeito indubidable imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, e que se teñan realizado en todo caso no exercicio 2025.

TERCEIRA. Establécese a obriga por parte da entidade _____ de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

CUARTA. De acordo co recollido no artigo 17 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non obstante, **o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada**, reducíndose de xeito automático a axuda concedida sen necesidade de acordo ulterior para adaptarse a esta circunstancia.

QUINTA. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigado do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez suficiente que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo ata o **30 de novembro de 2025**. Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que este se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.



A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

1. Fotocopias **compulsadas** do CIF e dos estatutos polos que se rexa o club ou entidade. No caso que dita documentación figure nas oficinas municipais, deberá ser especificado na solicitude, **indicando a data e o servizo no que foi presentado, así como que os mesmos están vixentes e non sufriron modificación ningunha respecto aos presentados**. No caso de comunidades veciñais, prego documento de constitución da entidade beneficiaria, no que se acredite a número e identificación dos membros da mesma, así como as responsabilidades asumidas por cada membro da entidade
2. Certificación do nomeamento, asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente, do representante da mesma para as súas relacións co Concello así como copia do DNI ou documento identificativo deste.
3. Achegar unha **memoria explicativa** da actividade ou actividades que foron realizadas na que se expliciten entre outros apartados:
 - as datas e lugar de realización
 - número de participantes
 - nivel de logro de obxectivos
 - xustificación documental, tal como recortes de prensa, programas de man, fotografías, cartaces, etc.
4. Memoria declarativa das actividades realizadas financiadas coa subvención
5. Orzamento detallado de **gastos e ingresos** que lle corresponde á actividade financiada que acredite o cumprimento do disposto no artigo 19.3 da Lei Xeral de Subvencións
6. Declaración da entidade organizadora asinada polo presidente ou representante designado ao efecto, na que se fagan constar as contías das axudas solicitadas e/ou recibidas doutras Administracións Públicas, ou ente público ou privado, para a mesma fin.
7. Declaración responsable de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Facenda estatal, autonómica e co propio concello e **certificacións destes organismos** nas que se acredite esta circunstancia, ou autorización ao Concello de Ribadeo para obtelas.
8. Certificación da Entidade Bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu nº de conta. No caso de comunidades veciñais NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos.
9. Declaración responsable da entidade, asinada polo seu secretario co visto e prace do presidente, ou o representante designado pola asociación, de non estar incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa Administración e percibir subvencións da Administración pública (estipuladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións).
10. Relación clasificada dos gastos realizados e **orixinais ou copias compulsadas das facturas de gastos ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa** realizados nas actividades obxecto da subvención, e nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:
 - a) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
 - c) Ter referencia de gastos xerados pola actividade obxecto da subvención.
 - d) Deberá expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
 - Nome do beneficiario da subvención.
 - Descrición polo miúdo do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de "factura"
11. Certificación ou declaración da entidade ou asociación, asinada polo secretario co visto e prace do presidente, na que se exprese, baixo a súa responsabilidade, ter realizado o obxecto da subvención.



12. Xustificación da publicidade do carácter público do financiamento da actividade subvencionada co logotipo aprobado e/ou autorizado polo Concello de Ribadeo

O importe dos gastos xustificandos deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención (ou do conxunto das subvencións e axudas no caso de declarar que se solicitaron ou obtiveron axudas doutras entidades públicas ou privadas así como calquera outro tipo de ingreso externo obtido para financiar a actividade, de xeito que se acredite o cumprimento da esixencia do artigo 19.3 da Lei Xeral de Subvencións). De non ser así reducirase de xeito automático a axuda concedida, sen necesidade de acordo ulterior para adaptarse a esta circunstancia

Vencidos os prazos que se indicaron anteriormente, sen que o beneficiario da subvención presente a correspondente documentación, a devandita subvención entenderase anulada por desistimento.

Será requisito indispensable para a atención dos documentos xustificativos, que a documentación sinalada nesta Base sexa presentada no **Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo** antes do remate do prazo outorgado para a xustificación.

SEXTA. O pago íntegro da subvención realizarase con carácter xeral previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concede.

Non obstante, en casos concretos en que así o esixa o carácter da actividade a realizar e así se xustifique polo beneficiario, no momento da concesión da subvención, previa solicitude do mesmo, poderase librar polo Concello un anticipo a conta correspondente ao **80% do seu importe total**, como se prevé no artigo 57 das bases de execución do Orzamento Xeral de 2025, suxeito á xustificación final que se realice.

SÉTIMA. No non previsto neste Convenio estarase ao disposto nas bases da concesión da subvención contidas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o exercicio 2025, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de Ribadeo.

OITAVA. Engádese como ANEXO I o modelo de conta a presentar para a xustificación das actividades financiadas a través do presente convenio.

Para que así conste e en proba de conformidade, asínano no lugar e data arriba indicada.

O alcalde,

O/A presidente/a de _____

Asdo.: DANIEL VEGA PEREZ

Asdo.: _____

O secretario

Asdo.: _____



ANEXO I

MODELO XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADEO PARA 2025.

Entidade beneficiaria: _____, con
CIF _____

Domicilio a efectos de notificacións:

Teléfono de contacto do representante:

Ámbito no que se enmarca:

- Entidade educativa
- Entidade cultural
- Comisión de Festas Parroquiais
- Entidade deportiva
- Outras

Documentación esixida:

- Fotocopia CIF da Entidade
 - Fotocopia Estatutos (ou, de terse entregado xa no Concello, **indicación do servizo onde foron entregados e a súa finalidade e declaración de non terse modificado dende dita data**)
 - No caso de comisión de festas, documento de constitución desta no que se acredite o número e identificación dos membros, responsabilidades asumidas por cada un e se designe un representante
 - Certificación de nomeamento de representante para relacións co Concello asinada polo secretario da entidade co visto bo do presidente e copia do DNI ou documento identificativo deste
 - Declaración responsable de estar ao corrente nos pagos á Seguridade Social e Facenda estatal, autonómica ou co propio concello, así como **certificados acreditativos desta circunstancia** ou autorización ao Concello para obtelos.
 - Certificación de entidade bancaria onde figure a entidade como titular e o seu número de conta. No caso de entidades veciñais ou comisións puntuais axuntarase NIF dos titulares que acredite a súa pertenza á mesma.
 - Declaración responsable da entidade, asinada polo seu secretario co visto e praxe do presidente, ou o representante designado pola asociación, de non estar incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa Administración e percibir subvencións da Administración pública.
 - Memoria declarativa das actividades realizadas financiadas coa subvención
 - Orzamento de gastos e ingresos da actividade financiada que permita acreditar o cumprimento das esixencias do artigo 19.3 da Lei Xeral de Subvencións
 - Relación das facturas ou documentos de igual valor probatorio no tráfico mercantil dos gastos realizados, xunto cos orixinais ou copias compulsadas destas e acreditación de terse aboado as mesmas no seu caso
 - Certificación ou declaración de terse realizado o obxecto da subvención
 - Memoria explicativa da actividade xunto con xustificación documental (recortes de prensa, programas de man, fotografías...)
 - Relación detallada e certificación das cantidades solicitadas e/ou obtidas por subvención ou axuda doutras entidades
- ☐ Xustificación da publicidade do financiamento da actividade subvencionada co logotipo aprobado e/ou autorizado polo Concello de Ribadeo

*Nota: as memorias declarativa e explicativa poderanse presentar nun só documento segundo modelo normalizado



En Ribadeo, ____ de _____ de 2025

Asinado: representante da entidade _____



CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DE NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D^a con DNI nº como secretario da entidade con CIF

CERTIFICO

Que na reunión da xunta directiva (ou dos membros integrantes no suposto de comisión de festas) da mencionada entidade, celebrada o día/...../..... acordouse nomear a D./D^a con DNI nº como representante para as relacións desta entidade co Concello de Ribadeo derivadas da tramitación da presente subvención.

Na antedita reunión acordouse asemade aceptar as bases da convocatoria ou acordo de concesión e convenio asinado no seu caso, e os compromisos que nestes se inclúen.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente certificación

....., de de 2025

O/A Secretario/a

Vº e prace:

O/A Presidente/a



DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE ESTAR AO CORRENTE NAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS E CAPACIDADE PARA PERCIBIR SUBVENCÍONS

D./D^a..... con DNI nº,
representante da entidade con CIF
nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que a Entidade cuxa representación ostento atópase ó corrente nas débedas tributarias ou de calquera outra natureza coa Seguridade Social e Facenda Estatal, Autonómica e Local, axuntando os oportunos certificados e/ou autorizando neste punto ó Concello de Ribadeo para efectuar as comprobacións que estime oportunas en orde a acreditar estes extremos.

Asemade declaro, que a Entidade cuxa representación ostento, non está incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa Administración e percibir subvencións das Administracións públicas

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

..... de de 2025

O/A representante,



DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE TER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

D./D^a con DNI nº
representante da entidade con CIF
nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

1. Que a entidade que represento non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia
2. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo
3. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria ou acordo de concesión e convenio asinado e os compromisos que nestes se inclúen
4. Que a entidade que represento cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións nominativas do Concello de Ribadeo para o ano 2025

....., de de 2025

O/A representante



DECLARACIÓN DOS CUSTOS DA ACTIVIDADE

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de

DECLARO:

-Que o **custo total da actividade subvencionada** soportado pola entidade para cuxa realización o Concello de Ribadeo lle concedeu unha subvención nominativa no exercicio 2025 ascendeu ao seguinte importe:

BASE	TOTAL IVE	TOTAL

-Acompáñase o ANEXO Nº1 de relación clasificada dos gastos realizados da actividade subvencionada.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración.

..... de de 2025

O/A representante



ANEXO 1.- RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS REALIZADOS

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Ribadeo de de 2025

O/A representante



DECLARACIÓN DE TERSE REALIZADO O OBXETO DA SUBVENCIÓN

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de,

Declaro baixo xuramento e baixo a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade, cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención e co cumprimento da finalidade da acción, comportamento ou actividade subvencionada, segundo se sinala na memoria explicativa adxunta.

En , a de de 2025

O/A representante



MEMORIA DECLARATIVA E EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de,

Declaro baixo xuramento e baixo a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade, segundo a seguinte memoria explicativa:

DENOMINACIÓN ACTIVIDADE
CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN REALIZADA
DESCRIPCIÓN XERAL
CARACTERÍSTICAS E DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS EXECUTADAS
NUMERO DE BENEFICIARIOS DA ACTIVIDADE
NIVEL DE LOGRO DE OBXECTIVOS
DOCUMENTOS PUBLICITARIOS DA ACTIVIDADE



DESGLOSE DE CUSTOS E INGRESOS

En , a dede 2025

O representante



DECLARACIÓN DAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS OBTIDAS OU SOLICITADAS

D. / D.^a con D.N.I....., na
miña condición de representante da entidadecon CIF

DECLARO BAIXO XURAMENTO E BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a actividade para cuxa realización o Concello de Ribadeo lle concedeu unha subvención á entidade que represento segundo convocatoria de subvencións nominativas para 2025 foi financiada ademais con:

☐ Ningunha outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas.

☐ Outra/s axuda/s ou subvención/s doutras **administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas**, tal coma figura na seguinte relación detallada das subvencións e axudas **obtidas/solicitadas** para o mesmo obxecto ou actividade.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€
			€
			€
			€
			€
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS			€

E para que conste, asino esta declaración

..... de de 2025

O/A representante



ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de

Declaro baixo xuramento e baixo a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade, **co seguinte orzamento de gastos e ingresos para financeira**, de xeito que se cumpre coa esixencia de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos de calquera natureza, supere o custo da actividade subvencionada como esixe o artigo 19.3 da Lei Xeral de Subvencións:

GASTOS	IMPORTE	INGRESOS	IMPORTE
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

E para que conste, asino esta declaración

....., de de 2025

O/A representante

PRESENTACIÓN DE ESTATUTOS DA ENTIDADE

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de,

Declaro baixo xuramento e baixo a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento presentou os seus estatutos en data, a través do rexistro de entrada da corporación con nº, con destino ao departamento de para ser incluídos no procedemento

Os devanditos estatutos atópanse vixentes e non sufriron modificación algunha dende dita data

E para que conste, asino esta declaración

..... de de 2025

O/A representante

